



Biblia y ecología. Nuevas lecturas en un mundo herido

Carmen Yebra Rovira e Estela Aldave Medrano (eds),
Verbo Divino, Estella 2024

A preocupación polo deterioro medioambiental e pola relación viciada entre o ser humano e o seu contorno natural, así coma unha nova sensibilidade cara ao contexto no que vivimos, permean na actualidade todas as disciplinas académicas. A reflexión teolóxica, especialmente desde o ámbito da Moral, incorporou esta realidade xa hai décadas. Os estudos bíblicos incorporáronse a ela máis recentemente, especialmente no ámbito inglés.

O libro que se presenta, *Biblia y ecología*, publicado pola editorial Verbo Divino e editado polas biblistas Carmen Yebra (Universidade Pontificia de Salamanca) e Estela Aldave (Centro Rexional de Estudos Teolóxicos de Aragón), ofrece a través de vinte artigos, unha visión actualizada da problemá-

tica medioambiental dende una perspectiva bíblica. Con el quere se aportar distintas aproximacións metodolóxicas e temáticas que teñen como punto de partida ou de chegada a Biblia (ou o propio mundo bíblico) para iluminar a realidade do noso mundo ferido e propoñer vías para una mellor relación con el.

A maior parte dos artigos naceron como conferencias ou comunicacións expostas no congreso internacional «*Biblia y ecología: Nuevas lecturas en un mundo herido*» organizado pola Asociación Bíblica Española (ABE) e celebrado en Madrid do 4 ao 6 de xullo de 2023. A presentación, feita pola súa directora naquel momento, Carmen Bernabé, serve como prólogo ao compendio. Todos os estudos foron reelaborados, ampliados e revisados.

A obra comeza cun primeiro bloque, «Propoñendo a cuestión», na que se inclúen dous artigos dos investigadores británicos David Horrell e Katharine J. Dell, pioneiros e grandes especialistas no tema, nos que se detallan as orixes da crise medioambiental, as diferentes respostas dadas polos estudos bíblicos e as distintas propostas hermenéuticas e aproximacións que se veñen realizando nas últimas décadas.

Segue un segundo bloque, «Afondando as raíces no principio», formado por tres estudos que abordan cuestións transversais ou xerais ao tema ecolóxico. O primeiro afonda na centralidade outorgada ao libro da Xénese na reflexión medioambiental xunto cunha nova proposta de lectura que integra o valor e o uso do espazo (Garijo). O segundo, estuda os novos paradigmas teolóxicos explicativos, como o da «comunidade da creación», máis acordes coa sensibilidade actual (Gómez), e o terceiro, o uso en toda a Escritura do imaxinario da plantación; unha rica imaxe agrícola, utilizada para comprender e presentar o ideal da comunidade crente tanto no

Antigo coma no Novo Testamento (Ordorika).

O terceiro bloque, «Escoitando a voz dos profetas e os sabios», conduce ao lector pola literatura profética, sapiencial e lírica, e aporta tanto novos camiños interpretativos, como poden ser a lectura de Amós dende a ecouxustiza (Marlow) ou a lectura de Dona Sabedoría desde unha perspectiva ecolóxica (Calduch). Pastore, pola súa parte, afonda na relación entre a terra e os seus habitantes no profeta Ezequiel, e Pizarro estuda as imaxes alimentarias dese mesmo libro, determinando a súa relevancia para comprender o proxecto de restauración proposto polo profeta. A biblista arxentina Mariana Zossi, tendo como fondo as ideas da exhortación apostólica postsinodal *Querida Amazonía*, expón e actualiza algunhas imaxes e motivos culturais, relixiosos e teolóxicos de Daniel que chaman a unha conversión que non só traería xustiza aos pobres senón tamén a recuperación dun medio ambiente arrasado polo poder avasalador. Finalmente, Herrero somérxese nunha especie de «poética ecoloxista» que, dende o Cantar

dos Cantares, nos convida a admirar o carácter único e a beleza de toda criatura e da realidade que as envolve grazas ás súas imaxes tomadas do mundo animal, mineral e vexetal.

O bloque cuarto adéntrase no Novo Testamento dende distintas perspectivas. Hai un estudo sobre o sentido de «creación» e a súa relación co reino de Deus (Gasparro), unha análise do impacto socio-ambiental do Templo de Xerusalén no contexto do século I (Hernández) e un estudo dalgunhas metáforas vexetais de Mateo (Martínez). Por último a biblista italiana Marida Nicolaci convídanos a escoitar as lamentacións da Apocalipse, analizando a súa relación co sistema imperial romano, e as súas vítimas tanto humanas como posiblemente físicas e medioambientais. Dende aí rescata a proposta deste libro contra toda forma de dominio opresivo, en favor dunha comprensión xeradora de novas formas relacionais, sostíbeis e abertas.

O último bloque aglutina catro propostas moi distintas que amplían as reflexións bíblicas a ámbitos como a materia-

lidade, estudo e conservación dos manuscritos do Mar Morto feita polo biblista galego Jaime Vázquez ou a relevancia do medio xeográfico, os recursos naturais e a explotación do territorio palestinese en tempos bíblicos achegada polo arqueólogo da Universidade da Coruña Juan Luis Montero Fenollós. Ademais, Vives e Nicolás introdúcennos no mundo animal e repasan o polivalente imaxinario relixioso do león na literatura mesopotámica, exipcia e bíblica para amosar o papel crucial que este e outros superdepredadores exercen sobre os ecosistemas e as concepcións relixiosas. Rodríguez, pola súa parte, ofrece unha proposta de teoloxía animal froito dun descentramento antropolóxico e un reposicionamento das criaturas na reflexión sobre a creación.

A obra conclúe cun artigo do catedrático emérito da Universidade Complutense de Madrid Julio Trebolle, a modo de epílogo, no que, tras expoñer os distintos intentos de revisión dunha teoloxía da Biblia, afirma que é necesaria unha nova proposta. Esta non pode basearse unicamente na antropoloxía e na historia, como vén sendo tra-

dicional, senón que nesa nova teoloxía debe integrarse tamén o conxunto da creación e da natureza.

O conxunto proporciona unha visión rica e moi plural de como a Biblia abre camiños no seu interior sobre a cuestión medioambiental e ecolóxica que poden e deben ser explorados e, sobre todo, como os seus textos poden iluminar un presente no que escoitar o grito da Terra. Ser sensíbeis ás súas necesidades constrúe suxeitos e comunida-

des máis humanas que achán a súa propia plenitude na protección e coidado de toda a creación. O libro «*Biblia e Ecoloxía*» achega tamén un bo exemplo sobre como un tema tan de actualidade une especialistas de rexións e países moi distintos (España, Italia, Gran Bretaña, Arxentina...) que conflúen na súa sensibilidade a prol da protección do noso medio ambiente.

Carmen Yebra Rovira
Universidade Pontificia de
Salamanca